

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mellora da accesibilidade debe ser unha cuestión prioritaria para calquera Goberno e temos a certeza de que tamén o é para o actual Goberno de Santiago de Compostela, razón pola que presentamos ante o pleno a necesidade de actuar nunha rúa que presenta en boa parte dela unha situación moi deficiente, que aconsella unha actuación de urxencia que mellore as súas condicións, tal e como demandan os veciños e veciñas que residen ou transitan por ela.

Estámonos a referir á chamada rúa Altiboia, preto do Conservatorio Profesional de Música.

O anterior Goberno municipal iniciou a tramitación para a redacción dun proxecto para mellorar esta rúa e executar un aparcamento en superficie na parcela de ampliación do Conservatorio, para proporcionarlle un servizo á veciñanza da zona -de forma especial no contorno dos Concheiros-, mentres non decida a execución da citada ampliación da instalación docente.

Este proxecto de mellora, xa redactado, foi incluído na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrado 2015-2025, recentemente aprobada polo Goberno local para presentar á convocatoria de axudas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Pero, tendo en conta a demora que pode supoñer a contratación do proxecto, a situación na que se encontra actualmente a citada rúa Altiboia e a urxencia de afrontar unha actuación que lle poña remedio a curto prazo, o Grupo Municipal Popular presenta o seguinte Rogo:

***Que por parte do Goberno Municipal se proceda a unha actuación de urxencia, que mellore as condicións de accesibilidade da rúa Altiboia, mentres non se proceda á contratación e execución do proxecto de urbanización previsto.***

Santiago de Compostela, a 14 de xaneiro de 2016.

**Teresa Gutiérrez López**  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

**Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela**